

MINISTERIO DE FOMENTO

10889 *REAL DECRETO 1312/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.* («BOE» 141, do 11-6-2004.)

O Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, incorporou ao noso dereito interno a Directiva 98/35/CE do Consello, do 25 de maio de 1998, pola que se modifica a Directiva 94/58/CE relativa ao nivel mínimo de formación en profesións marítimas, tendo en conta as emendas de 1995 ao anexo do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, 1978 (Convenio STCW).

O capítulo III do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, establece as normas aplicables ao recoñecemento dos títulos profesionais da mariña mercante expedidos por outros Estados, e o artigo 8, en particular, regula o recoñecemento de títulos profesionais de cidadáns da Unión Europea con titulacións expedidas por un Estado membro.

A sentenza do 4 de decembro de 2003, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, anulou o inciso final do artigo 8.3 do dito real decreto, que subordina o recoñecemento en España de títulos profesionais de cidadáns da Unión Europea á acreditación, por parte dos interesados, de que os seus Estados aplican idéntico dereito aos cidadáns españois. Procede, en consecuencia, de conformidade co establecido nos artigos 103 e seguinte da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, dar cumprimento á resolución xudicial suprimindo materialmente o inciso anulado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2004,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.*

Modifícase o punto 3 do artigo 8 do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os cidadáns da Unión Europea que posúan un título expedido por un Estado membro poderán exercer o mando de buques mercantes de arqueado bruto inferior a 100 GT, que transporten carga ou menos de 100 pasaxeiros, que operen exclusivamente entre portos ou puntos situados en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de maio de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10890 *ORDE APA/1735/2004, do 7 de xuño, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 141, do 11-6-2004.)

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, con idéntico título cá anterior, e a Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, estas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ao noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/1075/2004, do 22 de abril, pola que se modifican determinados anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993.

Por outra parte, a Directiva 2000/29/CE modificouse en varias ocasións despois do 1 de novembro de 2002 con respecto a determinadas disposicións adaptadas pola Acta de Adhesión á Unión Europea dos 10 novos Estados de 2003.

Neste sentido, mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/70/CE da Comisión, do 28 de abril de 2004, pola que se modifican os anexos I, II, III e IV da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 2071/1993.*

Os anexos I, II, III e IV do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto nos anexos desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de xuño de 2004.

ESPINOSA MANGANA

y

ANEXO I

Os anexos I, II, III e IV do Real decreto 2071/1993 quedan modificados da seguinte maneira:

1) O texto do punto 1 da letra b) da parte B do anexo I substitúese polo seguinte:

«1. Beet necrotic yellow vein virus	DK, F (Bretaña), FIN, IRL, LT, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»
-------------------------------------	--

2) O texto do punto 2 da letra b) da parte B do anexo II substitúese polo seguinte:

«2. <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i>	Partes de vexetais, distintos dos froitos, sementes e dos destinados a seren plantados, pero con inclusión do pole activo para polinización de <i>Amelanchier</i> Med, <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Cotoneaster</i> Ehrh., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Photinia davidiana</i> (Dcne) Cardot, <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L.	E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rimini; Friuli-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincias autónomas de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto na provincia de Rovigo os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, na provincia de Verona os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), LV, LT, A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, SI, SK, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga).»
---	---	--

3) A parte B do anexo III queda modificada da seguinte maneira:

a) O texto do punto 1 substitúese polo seguinte:

«1. Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais incluídos nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III, cando proceda, as plantas e pole vivo para polinización de: <i>Amelanchier</i> Med, <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L., distintos de froitos e sementes, orixinarios de países terceiros distintos de Suíza e distintos dos recoñecidos como exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> , de acordo co procedemento establecido en normativa comunitaria, ou nos que se establecesen zonas exentas de pragas de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> de acordo coa correspondente norma internacional relativa ás medidas fitosanitarias recoñecidas como tales conforme o procedemento establecido en normativa comunitaria.	E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rimini; Friuli-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincias autónomas de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto, excepto na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e na provincia de Verona os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga).»
---	---

b) O texto do punto 2 substitúese polo seguinte:

«2. Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais incluídos nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III, cando proceda, as plantas e pole vivo para polinización de: <i>Cotoneaster</i> Ehrh e <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardot, distintos de froitos e sementes, orixinarios de países terceiros distintos dos recoñecidos como exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> , de acordo co procedemento establecido en normativa comunitaria, ou nos que se establecesen zonas exentas de pragas de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> de acordo coa correspondente norma internacional relativa ás medidas fitosanitarias recoñecidas como tales de acordo co procedemento establecido en normativa comunitaria.	E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rimini; Friuli-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Cerdeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincias autónomas de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e na provincia de Verona os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), LV, LT, A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, SI, SK, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga).»
---	---

- 4) A parte B do anexo IV queda modificada da seguinte maneira:
- a) O texto da columna dereita do punto 20.1. substitúese polo seguinte:
«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»
- b) O texto da columna dereita do punto 20.2. substitúese polo seguinte:
«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»
- c) O texto do punto 21. substitúese polo seguinte:

<p>«21. 21. Vexetais e pole activo para a polinización de: <i>Amelanchier</i> Med., <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Cotoneaster</i> Ehrh., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardor, <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L., distintos de froitos e sementes.</p>	<p>Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais enumerados nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III e no punto 1 da parte B do anexo III, cando proceda, declaración oficial de que:</p> <p>a) Os vexetais son orixinarios de países declarados exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl et al. de acordo co procedemento establecido en normativa comunitaria, ou ben,</p> <p>b) Os vexetais son orixinarios de zonas declaradas exentas de pragas de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl et al. de acordo coa correspondente norma internacional relativa ás medidas fitosanitarias e que se recoñeceron como tales de acordo co procedemento establecido en normativa comunitaria, ou ben,</p> <p>c) Son orixinarios dun dos seguintes cantóns suízos: Berna (excepto os distritos de Signau e Trachselwald), Friburgo, Grisons, Ticino, Vaud e Valais, ou</p> <p>d) Os vexetais son orixinarios das zonas protexidas citadas na columna da dereita, ou</p> <p>e) Os vexetais producíronse, ou en caso de se teren trasladado a unha "zona tampón", mantivéronse durante un prazo mínimo de sete meses, incluído o período entre o 1 de abril e o 31 de outubro do último ciclo completo de vexetación, nunha parcela:</p> <p>aa) situada polo menos a 1 km do límite, no interior dunha "zona tampón", designada oficialmente e que cubra polo menos 50 km, onde os vexetais hóspedes estean sometidos a un sistema de control aprobado e supervisado oficialmente, establecido antes do inicio do ciclo vexetativo completo anterior ao último ciclo completo, co obxectivo de reducir ao mínimo o risco de propagación de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl et al. a partir dos vexetais alí cultivados. Os datos da descrición desta "zona tampón" manteranse á disposición da Comisión e dos demais Estados membros. Unha vez establecida a "zona tampón", efectuaranse inspeccións oficiais na zona sen incluír a parcela nin unha banda de 500 m de largo ao seu redor, polo menos unha vez desde o principio do último ciclo vexetativo completo no momento máis apropiado, e todas as plantas hospedadoras que presenten síntomas de presenza de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl et al. deberán eliminarse inmediatamente. Os resultados destas inspeccións serán presentados antes do 1 de maio de cada ano, á Comisión e aos demais Estados membros, e</p> <p>bb) autorizada oficialmente, así como a "zona tampón", antes do comezo do ciclo vexetativo completo anterior ao último ciclo completo de vexetación, para o cultivo dos vexetais nas condicións previstas no presente punto, e</p> <p>cc) que, así como a zona circundante dun raio mínimo de 500 m, se encontrase exenta de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl et al, desde o comezo do último ciclo vexetativo completo, nunha inspección oficial realizada polo menos:</p> <ul style="list-style-type: none"> — Dúas veces sobre o terreo no momento máis apropiado, é dicir, unha vez entre xuño e agosto e outra entre agosto e novembro, e — unha vez na mencionada zona circundante, no momento máis apropiado, é dicir, entre agosto e novembro, e 	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forli-Cesena, Parma, Piacenza e Rimini; Friuli-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Cerdeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincias autónomas de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbana, Piacenza d'Adige, Vescovana, S.Urbano, Boara Pisani, Masi, e na provincia de Verona os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), LV, LT, A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estíria, Viena], P, SI, SK, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga).»</p>
---	---	---

y

dd) na cal as plantas foron sometidas a probas oficiais de detección de infeccións latentes de acordo cun método de laboratorio apropiado con mostras tomadas oficialmente no período máis axeitado.

Entre o 1 de abril de 2004 e o 1 de abril de 2005, estas disposicións non serán aplicables ás plantas que se introduzan nas zonas protexidas, ou se transporten polo interior delas, que figuran na columna da dereita, e que sexan orixinarias e se mantivesen en campos situados en "zona tampón" oficiais, de conformidade cos requisitos pertinentes aplicables antes do 1 de abril de 2004.

d) O texto do punto 21.3. substitúese polo seguinte:

<p>«21.3 Do 15 de marzo ao 30 de xuño, colmeas.</p>	<p>Presentaranse probas documentais de que as colmeas:</p> <p>a) Son orixinarias de países recoñecidos exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl <i>et al.</i> de acordo co procedemento establecido en norma comunitaria, ou ben</p> <p>b) son orixinarias dun dos seguintes cantóns suízos: Berna (excepto os distritos de Signau e Trachselwald), Friburgo, Grisons, Ticino, Vaud e Valais, ou ben</p> <p>c) son orixinarios das zonas protexidas citadas na columna da dereita, ou ben</p> <p>d) foron sometidas a medidas apropiadas de corentena antes do seu transporte.</p>	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rimini; Friuli-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marcas; Molise; Piemonte; Cerdeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincias autónomas de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto na provincia de Rovigo os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusía, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e na provincia de Padua os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e na provincia de Verona os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), LV, LT, A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estíria, Viena], P, SI, SK, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga).»</p>
---	---	--

e) O texto da columna dereita do punto 22 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

f) O texto da columna dereita do punto 23 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

g) O texto da columna dereita do punto 25 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

h) O texto da columna dereita do punto 26 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

i) O texto da columna dereita do punto 27.1 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

j) O texto da columna dereita do punto 27.2. substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

k) O texto da columna dereita do punto 30 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).»

ANEXO II

A parte B do anexo IV do Real decreto 2071/1993 queda modificado da maneira seguinte:

a) O texto da columna da dereita do punto 20.1 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

b) O texto da columna da dereita do punto 20.2 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

c) O texto da columna da dereita do punto 20.3 substitúese polo seguinte:

«LV, SI, SK, FIN.»

d) O texto da columna da dereita do punto 22. substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

e) O texto da columna dereita do punto 23, substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

f) O texto da columna da dereita do punto 25 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

g) O texto da columna dereita do punto 26 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

h) O texto da columna da dereita do punto 27.1, substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

i) O texto da columna da dereita do punto 27.2 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

j) O texto da columna da dereita do punto 30 substitúese polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), FIN, IRL, P (Azores), LT, UK (Irlanda do Norte).»

k) O texto da columna dereita do punto 31 substitúese polo seguinte:

«31. Froitos de *Citrus* L., *Fortunella* Swingle, *Poncirus* Raf., e híbridos, orixinarios de E, F (excepto Córsega) e CY.

Sen prexuízo dos requisitos aplicables aos froitos no punto 30.1 da sección II da parte A do anexo IV:

- a) os froitos non deberán ter follas nin pedúnculos, o b) no caso de froitos con follas ou pedúnculos, deberán ir acompañados dunha declaración oficial de que os froitos se empaketaron en contedores pechados que foron selados oficialmente e permanecerán selados durante o seu transporte a través dunha zona recoñecida protexida para eses froitos, e levarán unha marca característica que constará no pasaporte.

O, F (Córsega) I, M, P.»

XEFATURA DO ESTADO

11438 REAL DECRETO LEI 2/2004, do 18 de xuño, polo que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional. («BOE» 148, do 19-6-2004.)

O Plan Hidrolóxico Nacional, aprobado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, inclúe no capítulo III do título I as previsións ligadas ás transferencias de auga entre o baixo Ebro e as bacías hidrolóxicas interna de Cataluña, do Júcar, do Segura e do Sur, baixo uns supostos obxectivos de racionalidade, eficiencia socioeconómica e ambiental, que distintos informes técnicos puxeron en entredito, ao considerar que nunha decisión de tanto calado como a de levar a cabo o transvasamento, non mereceron a debida atención e tratamento aspectos fundamentais, entre os que cómpre destacar os seguintes:

a) Na súa dimensión económica, en canto que se exaxeraron os beneficios do proxecto, os seus custos aparecen sistematicamente infravalorados, e nalgúns casos nin sequera foron tomados en consideración; a estrutura de prezos para a industria, a agricultura e os consumidores non foi suficientemente ben explicada; non se aclarou se se aplicarían tarifas diferentes segundo os territorios, nin como establecerían os acordos en materia de prezos; os beneficios positivos, en termos de creación de emprego, foron sobreestimados, e a relación entre o prezo e a demanda non está ben recollida.

b) En canto ás repercusións ambientais, non se analizaron adecuadamente os efectos dunha posible redución das cantidades de auga que se vai transvasar, e non se despexaron as incertezas sobre o caudal futuro do Ebro; non se adoptaron as medidas necesarias para a protección do río Ebro e en particular do Delta; non se asegurou a protección das especies protexidas existentes, contrariamente ao exixido pola lexislación comunitaria sobre hábitats; existe un risco real de propagación de especies invasoras; na avaliación de impacto ambiental e os seus documentos asociados non se recolle ningunha información sobre a toma e a distribución da auga do transvasamento, nin sobre os bombeos de auga e as instalacións eléctricas necesarias, aspecto clave para determinar o consumo de enerxía que requiren e o seu impacto no cumprimento por España do Protocolo de Kioto; tampouco se informou no trámite de consulta sobre o aumento de salinidade previsto tanto na bacía cedente como nas bacías receptoras, posposta a estudos futuros, que poden chegar cando o dano sexa xa irreversible.

c) E en canto aos aspectos técnicos, cómpre subliñar a ausencia do rigor necesario nos estudos sobre a dispoñibilidade efectiva de auga para transvasar, de forma que non é posible determinar canta auga pode ser transferida, nin con que garantías, existindo por outra parte unha marxe de dúbida excesiva sobre a capacidade dos encoros previstos para almacenar a auga nas bacías receptoras.

Estas acusadas e graves deficiencias nos criterios que prestan soporte ao transvasamento quedaron corroboradas en boa medida pola valoración sumamente crítica